



MANIFESTO DA REDE DE UNIDADES DE IGUALDADE DE XÉNERO DAS UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS PARA A EXCELENCIA UNIVERSITARIA (RUIGEU)

8 de marzo de 2022

Cada 8 de marzo, desde que en 1975 a Organización das Nacións Unidas declarou esta data Día Internacional da Muller, conmemórase como unha xornada de reivindicación dos dereitos das mulleres e da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, aprobada en 2015, considera que lograr a igualdade de mulleres e homes, eliminar todas as desigualdades e xuntar esforzos para conseguir unha igualdade efectiva en todos os campos forman parte dos obxectivos de desenvolvemento sostible, en particular do número 5: «Igaldade de xénero».

Non obstante, a crise provocada pola pandemia da covid-19 que vimos sufrindo desde hai dous anos, ou a chegada ao poder de gobernos ultraconservadores como sucedeu en Afganistán, acentuou as desigualdades de xénero: aumentou as diferenzas existentes e evidenciou a clara desvantaxe de mulleres e de nenas. A pandemia contribuíu a aumentar a violencia machista e intensificou a fenda de coidados, que recaen maioritariamente sobre as mulleres, e está na base das dificultades para o acceso e a promoción profesional. Isto conduce a fendas salariais que, en último termo, ten consecuencias na fenda das pensións.

As universidades non son unha excepción a esta regra. O recente estudo *Fenda salarial de xénero nas universidades públicas españolas*, froito da colaboración entre o Ministerio de Universidades, a ANECA e a CRUE, revela a existencia de fendas salariais no PDI e permite analizar as súas causas para poder eliminalas. Segundo ese informe, a diferenza salarial é claramente visible na percepción de complementos, ao ser os homes os que acceden en maior número a estes ingresos. A causa posible é o menor exercicio dos dereitos de conciliación e de liberación do tempo de corresponsabilidade que exercen os homes para atender o coidado familiar, o cal propicia o desenvolvemento da súa carreira profesional. Polo que respecta ao PAS,

os estudos diagnósticos das respectivas universidades apuntan a unha diferenza salarial menor pola composición feminizada do persoal, pero, aínda así, a fenda salarial existe e vincúlase, entre outras causas, ao exercicio dos dereitos de conciliación por coidado familiar, nos que apenas se aprecia unha mellora da corresponsabilidade.

A pesar de que a presenza das mulleres nas universidades aumentou, é necesario destacar a ausencia destas nas carreiras CETEM e nos postos de responsabilidade, sobre todo neste ámbito. Somos conscientes da enorme importancia que o dominio das tecnoloxías terá no futuro e resultarán estratéxicas para acceder a ocupacións que posúan gran relevancia social. Hai que traballar para erradicar a actual fenda dixital de xénero, producida por nesgos androcéntricos que dificultan ou menoscaban a igualdade entre os sexos. A segregación educativa tamén se observa na escasa presenza de homes nas titulacións relacionadas co coidado e coa atención ás persoas. É necesario lograr o equilibrio para favorecer a corresponsabilidade.

Neste 8 de marzo, as unidades de igualdade das universidades que integran a Red de unidades de igualdad de género para la Excelencia Universitaria (RUIGEU), queren centrar a súa reivindicación na loita contra estas desigualdades; desde o particular papel innovador das universidades, a través da necesaria implantación dos estudos de xénero e da transversalización da perspectiva de xénero na docencia, a investigación, a transferencia e o compromiso social, coma as vías máis potentes para aumentar a concienciación e a prevención das discriminacións, actuando como institucións exemplares da convivencia igualitaria para o resto da cidadanía.

Tamén queremos poñer en valor o traballo e o esforzo que están facendo as unidades de igualdade das universidades que, cunha dotación mínima de persoal e orzamentaria, sosteñen o peso do desenvolvemento dos plans de igualdade, coordinan os servizos necesarios para eliminar as violencias sobre as mulleres, impulsan actividades formativas desde a dimensión da igualdade e non discriminación, e facilitan a integración da perspectiva de xénero en todas as actividades universitarias. Deste xeito, contribúen a mellorar a elixibilidade das solicitudes nas convocatorias públicas de investigación e fundamentan o exercicio e a garantía dos dereitos de mulleres e homes.

Non podemos esquecer as mulleres que estiveron presentes en cada momento de avance e de resistencia contra a limitación de dereitos e de liberdades, as mulleres rurais e os seus obstáculos, as mulleres con discapacidade e a súa resiliencia, as mulleres migrantes e a súa capacidade de progreso, tampouco as que a violencia machista silenciou ou intentou silenciar. En definitiva, todas as que, nalgún momento, sufriron discriminación polo simple feito de ser mulleres.

Voces de mulleres que, ao unísono, fan viable a realidade dunha sociedade equilibrada e xusta. A universidade é un escenario privilexiado, desde onde se pode

impulsar ese futuro, e as unidades de igualdade son o seu instrumento: fagámolo posible. A universidade constitúe un pilar fundamental no cambio social construído baixo o prisma da igualdade real entre mulleres e homes. Sen igualdade e sen valores humanos, éticos ou morais, a liberdade é unha invitación á lei do máis forte; por iso debemos seguir apostando por políticas efectivas en pro da igualdade entre mulleres e homes.

Finalmente, desde a RUIGEU ratificamos a necesidade de seguir conmemorando cada 8 de marzo e loitando pola igualdade efectiva entre mulleres e homes durante todos os meses do ano. É o noso deber como propulsoras dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

As universidades asinantes forman parte da Rede de Unidades de Igualdade de Xénero das Universidades Españolas para a Excelencia Universitaria

Universitat d'Alacant	Universidad de Huelva
Universidad de Alcalá	Universitat de les Illes Balears
Universidad de Almería	Universidad Internacional de Andalucía
Universitat Autònoma de Barcelona	Universidad de Jaén
Universidad Autónoma de Madrid	Universitat Jaume I
Universitat de Barcelona	Universidad de La Laguna
Universidad de Burgos	Universidad de Las Palmas de Gran Canaria
Universidad de Cádiz	Universidad de León
Universidad de Cantabria	Universitat de Lleida
Universidad Carlos III de Madrid	Universidad de Málaga
Universidad de Castilla La Mancha	Universidad Miguel Hernández de Elche
Universidad Complutense de Madrid	Universidad de Murcia
Universidad de Córdoba	Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED)
Universidade da Coruña	Universitat Oberta de Catalunya (UOC)
Universidad de Deusto	Universidad de Oviedo
Universidad de Extremadura	
Universitat de Girona	
Universidad de Granada	

Universidad Pablo de Olavide
Universidad del País Vasco
Universidad Politécnica de Cartagena
Universitat Politècnica de Catalunya
Universidad Politécnica de Madrid
Universitat Politècnica de València
Universitat Pompeu Fabra
Universidad Pública de Navarra
Universitat Ramon Llull
Universidad Rey Juan Carlos
Universitat Rovira i Virgili
Universidad de Salamanca
Universidade Santiago de Compostela
Universidad de Sevilla
Universitat de València
Universidad de Valladolid
Universidad de La Rioja
Universitat de Vic- Universitat Central
de Catalunya
Universidade de Vigo
Universidad de Zaragoza